

AS VANGARDAS





ORIXE

- O termo vangarda pertence ao léxico militar “avant-garde”, é a parte do exercito que vai en primeira liña de combate.
- No terreo artístico é pois a primeira liña de creación, a renovación radical nas formas e nos contidos, e ao mesmo tempo que se substitúen as tendencias anteriores por consideralas obsoletas.



DEFINICIÓN

Son movimientos artísticos internacionales que se desenvolveron entre 1900-1930.

Representan unha ruptura e reacción contra a arte e a literatura do século XIX.

- [illegible]



CARACTERÍSTICAS

- A liberdade creativa é o maior valor do artista.
- A arte non debe imitar a realidade, senón que ten que ser autónoma.
- Debe buscar a novidade e a orixinalidade.
- Ten un sentido lúdico e transgresor, que racha coas normas e coa tradición.



OS ISMOS

Os diferentes
movimentos de
vangarda
chámanse **ismos** e
constitúen
diferentes
maneiras de
renovación da arte.

Os principais son:

FUTURISMO

CUBISMO

DADAÍSMO

CREACIONISMO

SURREALISMO

ULTRAÍSMO

FUTURISMO



G. BALLA, *Nena correndo polo
balcón*

- Creado polo Italiano Marinetti.
- Exalta a modernidade, a velocidade, as máquinas e o progreso.
- Rompe coa sintaxe e coa puntuación en literatura.


CUBISMO



Picasso. *As señoritas de Avignon*

- Descompón a realidade e recompona de novo mediante formas xeométricas.
- Destaca a técnica da colaxe.
- En literatura destacan os caligramas de G. Apollinaire

DADAÍSMO



- Nace en Suíza con Tristan Tzara.
- Negación de todo, concibe a arte como puro xogo.
- Movemento moi provocador.
- Pretende plasmar o caos e o absurdo que sente o artista ante a situación mundial.

SURREALISMO



Marc Chagall, *Eu e a aldea*

- Liderado por André Bretón.
- A arte debe expresar o subconsciente, os soños e as emocións máis íntimas.
- Creación da escritura automática, liberada da lóxica e da razón.

CREACIONISMO



- Principal representante é o poeta chileno V. Huidobro, que deixou pegadas na obra de Manuel Antonio.
- Reivindica o poema como pura recreación interior sen imitar a realidade.
- Destaca o uso da imaxe vangardista, irracional, ilóxica sen relación co referente real.

*“...cun olor de esquecemento nos cabelos
cun soar de veas misteriosas”*

ULTRAÍSMO



Juan, Les pins

- É un Ismo propio da literatura española.
- A súa estética baséase tanto na imaxe como na metáfora.
- Principais representantes: Guillermo de la Torre, Gerardo Diego...

AS VANGARDAS EN GALICIA



Seoane, *Mirando a ría*



Laxeiro, *O antroido*



Maside, *A sesta*

- Os movementos de vangarda europeos tamén influíron na pintura galega.
- Entre os anos 20-30 xorden pintores coñecidos como “os novos”.
- Destacan: Maside, Laxeiro, Seoane, Colmeiro ou Maruja Mallo, entre outros.



VANGARDAS LITERARIAS

- A influencia vangardista provocou unha renovación da poesía galega en catro liñas diferentes:

1. IMAXINISMO OU HILOZOISMO

2. NEOTROBADORISMO

3. VANGARDISMO OU CREACIONISMO

4. SURREALISMO



IMAXINISMO OU HILOZOÍSMO

OS PIÑEROS MORTOS

*Afiando o berro dos carros Ficóu chorando no
campo
fende o sol-por amarelo. o enorme e viudo
vento,
Rube a lúa polo monte buscándoos ás palpadelas
para despedilo enterro. na horfandade do ermo.*

*As estrelas en ringleiras
alumean o vieiro;
O bosque despeitado
enloitouse de silencio.*

*Co ollar húmido do verde
camiñan os bois labregos,
levando os piñeiros mortos
no primeiro cadaleito.*

*-O serán cóncavo e fondo
Molla polo mar os ecos
Das doídas bateladas
Que pinga a campá do ceo-.*
Amado Carballo

Luis

- A natureza é a grande protagonista. Paisaxe humanizada.
- Sucesión de imaxes plásticas e encadeadas.
- Poesía sensual, que combina elementos visuais e auditivos, pero o predominante é a cor viva, o cromatismo.
- Métrica sinxela, baseada nas formas populares, predominan versos curtos (octosílabo) e rima asonante.
- Poetas: Luís Amado Carballo



NEOTROBADORISMO

*A dama que ía no branco cabalo
levaba un paño de seda bordado,
Na verde fror
as letras van de amor!*

*O cabaleiro do cabalo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo.
Na verde fror
as letras van de amor!*

*No medio do río cambiaron as vistas,
el para o paño e ela prá fita.
Na verde fror
as letras van de amor!*

*As vistas lies virón no río cambiar
e o paño e a fita por se namorar.
Na verde fror
as letras van de amor:
con amor vivirás!.*

Álvaro Cunqueiro

- Xorde polo influxo da lectura dos cancioneros medievais.
- Recreación e reformulación de estilos e temas medievais, con imaxes propias da poesía moderna.
- Poetas: Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro



VANGARDISMO

O MEU amor..!

A vida

prostituta e suicida
baila na noite dun cabaret
Todo iso mo contan as horas
Pola rúa
entebrada e espida.

O meu amor...!

Onte rachei un verso
nóctambulo e descamiñado

Anestesia que levo
Todo iso mo contan as horas
Eu vou sumerso.....

Manuel Antonio

- Máximo representante: Manuel Antonio.
- Debedor do creacionismo pero sen axustarse aos seus preceptos.
- Domino das imaxes sen referentes na realidade.
- Poesía humanizada.
- Preocupación pola lingua e polo nacionalismo.



SURREALISMO

ELA

Ela vestía os traxes curtos da primavera.

Andaba con paso de ribeira ou torso xacente
Deixando caír os brazos todo ao longo das
 súas máns máis
Imprevistas.

Alumna desprendida do ár
A mañán levaba a súa côr igoal que os vidros a
 levaban a ela.

Ela seguía andando a namorar.

Poemas do si e non. **Álvaro Cunqueiro**

- Poesía abstracta.
- A frase xérase por si soa cun esquema musical que pesa e a arrastra.
- Abundan símbolos, analoxías e sinestesias que se funden na profusa unidade das cousas.
- Álvaro Cunqueiro cultivou entre outros este movemento.